

Decembro 2017

Os orzamentos da Xunta para 2018 consolidan a perda de postos de traballo e de dereitos salariais no ensino público galego

A CIG-Área Pública concentrouse diante do Parlamento galego coincidindo coa aprobación das contas da Xunta para o vindeiro ano, que non recuperan os 3.000 postos de traballo perdidos durante a crise, nin o pagamento íntegro da extra nin o dereito do persoal substituto a cobrar o verán. Ademais, tras a sinatura do “Acordo de estabilidade” coas outras organizacións sindicais, o goberno de Feijóo ten vía libre para convocar unha OPE que apenas cubre as xubilacións e que non crea nin unha praza a maiores en toda a administración galega.



Delegados e delegadas da CIG-Área Pública desmontaron o argumento do presidente Núñez Feijóo de que Galiza é unha comunidade que se está recuperando economicamente e que vai por diante en compromisos orzamentarios. Nunha concentración diante do Parlamento, coincidindo co debate da súa

aprobación, o secretario de Acción Sindical da CIG-Ensino, Diego Boquete, lembrou que o **profesorado galego**, e en xeral todo o persoal da administración, segue a ter un dos **solos máis baixos do Estado**, que **non se garante ningunha suba salarial de cara ao vindeiro exercicio**, nin o paga-

mento íntegro da extra, nin o **cobro do verán por parte do persoal substituto** que traballara cando menos cinco meses e medio. “A maioría destes recortes non son competencia do Estado como aluden desde a Xunta para eludir a súa responsabilidade: nin o salario completo do profesorado galego se fixa

en Madrid nin a decisión de recortar a paga extra.

Acordo de Estabilidade

En relación con isto, o representante da CIG-Ensino recorda que estes orzamentos van da man do chamado “Acordo de Estabilidade” asinado por CCOO, UGT e CSIF e o goberno central primeiro en Madrid e a súa réplica posterior en Galiza. Un acordo que **blinda os recortes nos postos de traballo existentes** na administración e que **impide convocar ningunha praza a maiores**.

“Un mal acordo como denunciámos reiteradamente porque só abre a posibilidade de converter persoal eventual en fixo, nin sequera garante cubrir a taxa de reposición, é dicir, repoñer as xubilacións que se produzan, dado que isto queda condicionado á aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado”, explica Boquete.



“Se tan punteira é Galiza e imos na dianteira, como alardea o PP galego, deberíase comezar a notar pola recuperación dos dereitos perdidos e pola convocatoria dunha ampla Oferta Pública de Emprego (OPE) en 2018 que permita garantir uns servizos públicos de calidade e o incremento de efectivos en sanidade, educación e en xeral en toda a administración galega para cumprir con este obxectivo”, concluíu.

Os nosos locais

Santiago (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro nº 10.
Santiago de Compostela. cp.15706.
Tlf. 981576800 Fax. 981575839
santiago@cig-ensino.gal

A Coruña

Rúa Alfonso Molina s/n
Tlf. 981169810 Fax. 981291735
15007. A Coruña
acorunha@cig-ensino.gal

Baixo Miño

Praza da Guía 3, baixo
36780. A Guarda
Tlf. 986610465 Fax. 986610465
baioxminho@cig-ensino.gal

Morrazo

Rúa Atranco 19A, ench. 1
36947. Cangas
Tlf. 986302987 Fax. 986302987
morrazo@cig-ensino.gal

Ferrol

Rúa Eduardo Pondal 41-43,
15403. Ferrol
Tlf. 981358750 Fax. 981358760
ferrol@cig-ensino.gal

Lugo

Rda da Muralla 58, bxo.
27003. Lugo
Tlf. 982245023 Fax. 982253891
e-mail: lugo@cig-ensino.gal

Ourense

P. de San Lázaro 12, 4º
32003. Ourense
Tlf. 988238350 Fax. 988222855
ourense@cig-ensino.gal

Pontevedra

R. Pasantería 1, 2ºesq.
36002. Pontevedra
Tlf. 986861513 Fax. 986855050
pontevedra@cig-ensino.gal

A Mariña

27700. Ribadeo
Avda de Galicia 20, 1º
Tlf. 982129593 Fax. 982129593
amarinha@cig-ensino.gal

Val de Monterrei

R. Pedro González 5, 1º
32600. Verín
Tlf. 988412345 Fax. 988411013
verin@cig-ensino.gal

Vigo

R. Gregório Espino 47, bxo.
36205. Vigo
Tlf. 986827935 Fax. 986262844
vigo@cig-ensino.gal

Salnés

R. Alexandre Bóveda 2, 2º
36600. Vilagarcía
Tlf. 986505323 Fax. 986505323
salnes@cig-ensino.gal